

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 12

SESION EXTRAORDINARIA DE 23 DE MAIO DE 2005

ASISTENTES

Arias Moreira, José Carlos
Barros Punte, Miguel
Calviño Rodríguez, Julio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Domínguez Olveira, Santiago Xosé
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel

Iglesias Carrera, José Manuel
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Pérez Mariño, Ventura
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Toba Girón, Xabier

NON ASISTEN:

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Graña Barcia, María Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Molares Pérez, Lucía Emilia
Soto Ferreiro, Manoel

No salón de sesións da Casa do Concello de Vigo, as oito horas e trinta e cinco minutos do día vintetrés de maio do ano dous mil dous, coa Presidencia do Ilmo. Sr. 1º Tenente de Alcalde, Sr. Figuroa Vila, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Punte, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Iglesias Carrera, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten as Sras. Porro Martínez, Graña Barcia e Molares Pérez, e os Sres. Alonso Vázquez, Guerra Fernández, López-Chaves Castro e Soto Ferreiro.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

UNICO(102)- SORTEO DE FORMACIÓN DE MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓN S Ó PARLAMENTO DE GALICIA.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás oito horas e trinta e cinco minutos, a fin de facer o sorteo, por ordenador, da formación das mesas electorais para as eleccións ó Parlamento de Galicia, que terán lugar o día dezanove de xuño de dous mil cinco, convocadas por Decreto 77/2005, do 25 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 79, do 26 de abril de 2005.

A Presidencia explica brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se mencionarán números ó chou do 1 ó 1000 para escoller cada un dos membros a designar. Tales números corresponderán co número do censo electoral de cada mesa. Seguidamente o ordenador fará automaticamente a elección, segundo a titulación e a idade requirida dos compoñentes das citadas mesas integradas por presidente, dous vocais e dous suplentes por cada membro.

Os devanditos números son os que seguen:

PRESIDENTE	51
1º VOCAL	255
2º VOCAL	139
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	433
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	502
1º VOCAL 1º SUPLENTE	356
1º VOCAL 2º SUPLENTE	607
2º VOCAL 1º SUPLENTE	709
2º VOCAL 2º SUPLENTE	869

De seguido a Presidencia indica que os devanditos números se introducirán no proceso de datos municipal a fin de que se confeccione o listado dos

cargos que terán que ocupar as mesas electorais, listado que se procede a remitir a todos os grupos políticos da Corporación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituén de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as eleccións ó Parlamento de Galicia, que se contén no listado e a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, a Presidencia deu por rematada a sesión, ás oito horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Ilma. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

rs.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERALDO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.